

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE CULTURA E DEPORTE

15877 *Real decreto 1090/2020, do 9 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1084/2015, do 4 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.*

A modificación do Real decreto 1084/2015, do 4 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, xorde como resposta ás necesarias adaptacións que se foron poñendo de manifesto coa aplicación da norma, tendo en conta tanto o carácter dinámico do sector a que vai dirixido como as modificacións lexislativas producidas desde que tivo lugar a súa aprobación, concretamente, a entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e que afectan determinados procedementos, así como a modificación do artigo 36 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

As modificacións refírense a distintas materias que poderían englobarse en dous bloques diferenciados. Por un lado, as que afectan o fomento da actividade cinematográfica e audiovisual e, por outro, as de carácter procedemental e de mellora de aspectos técnicos.

Empezando polo último bloque, con este real decreto culmínase o proceso polo cal a relación entre a Administración e as persoas interesadas, tanto físicas como xurídicas, pasa a establecerse unicamente por medios electrónicos para todos os procedementos en que o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais exerce as súas potestades en relación coas actividades cinematográficas e audiovisuais.

Deste modo, a obrigação que xa existía para todas as persoas xurídicas de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, esténdese agora tamén ás persoas físicas, en virtude da facultade establecida no artigo 14.3 da dita norma, que permite á Administración establecer a obrigação de relacionarse con ela por medios electrónicos, tendo en conta que se trata de profesionais do sector cinematográfico e audiovisual, e que, por motivo da súa dedicación profesional, contan coa infraestrutura e a capacidade técnica precisa para efectuar a súa comunicación por medios electrónicos.

Por outra parte, con este real decreto establécese que todas as salas de exhibición cinematográfica deberán cumprir coas súas obrigações de control de asistencia e declaración de rendementos coa concorrencia das entidades denominadas «Caixas de correo», isto é, a través do procedemento ordinario previsto na Orde CUL/1772/2011, do 21 de xuño, pola que se establecen os procedementos para o cómputo de espectadores das películas cinematográficas, así como as obrigações, requisitos e funcionalidades técnicas dos programas informáticos para efectos do control de asistencia e rendemento das obras cinematográficas nas salas de exhibición.

Para isto, elimínase o procedemento simplificado regulado na Orde CUL/1772/2011, do 21 de xuño, que xa no momento da súa promulgación era absolutamente residual e que o xa derogado Real decreto 2062/2008, do 12 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, concibiu como unha situación transitoria para aquelas salas de cinema que non tivesen naquel momento carácter informatizado.

Como contrapartida, e en liña con esta utilización de medios electrónicos, flexibilízase o sistema de expedición dos títulos de acceso ás salas e elimínase a obrigação de conservación das entradas físicas, para os efectos do control de asistencia e rendementos que efectúa o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.

Outra cuestión que cómpre destacar é o desenvolvemento regulamentario do réxime especial de cualificación por grupos de idade aplicable aos avances das películas cinematográficas proxectados nas salas de exhibición cinematográfica, que se efectúa de acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, mediante o cal se precisa de maneira clara quen son os suxeitos obrigados a comunicar ao público a

cualificación destes avances e modúlase a citada obrigação no caso de que o avance se proxecte xunto cunha película cinematográfica cuxa cualificación sexa para unha idade igual ou superior á do avance. Por último, para outorgar unha maior seguridade xurídica ao respecto, indícase expresamente que as comunicacións comerciais sobre as películas que sexan efectuadas polas persoas físicas ou xurídicas prestadoras do servizo de comunicación audiovisual televisiva se rexen pola súa lexislación específica.

No que respecta á adaptación do texto ás modificacións lexislativas, destaca a nova redacción do procedemento sancionador, da cal se eliminan as referencias á normativa xa derogada, co cal se outorga unha maior seguridade xurídica, e se inclúe expresamente a remisión aos principios xerais da potestade sancionadora que establece a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como ao procedemento administrativo común e ás súas especialidades respecto ao procedemento sancionador recollidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Así mesmo, e como novidade, establécese o réxime de reducións do importe das sancións nos supostos de recoñecemento de responsabilidade e pagamento voluntario por parte das persoas presuntamente infractoras.

As modificacións que afectan o fomento da actividade cinematográfica e audiovisual consisten na flexibilización do réxime de aprobación das coproducións internacionais, por unha parte, e, por outra, na ampliación dos supostos e condicións do que debe entenderse por «obra audiovisual difícil» para efectos do cómputo da intensidade máxima das axudas que poden percibir as ditas obras.

No que respecta ás coproducións internacionais, facilítase a admisión de persoal extracomunitario ou non pertencente aos países coprodutores, que xa se recolle actualmente como excepción á regra xeral, pero que, mediante esta modificación, se incrementa a súa porcentaxe e, ademais, coa posibilidade de que sexa recoñecido como custo pola parte española. Así mesmo, promóvese a aprobación das coproducións financeiras, matizando para este tipo de coproducións certos requisitos que actualmente se exigen, de modo que a súa regulación se encontre en liña coas prácticas do mercado internacional.

Por último, mediante esta norma establécense novos criterios para a identificación de determinadas obras como «obras audiovisuais difíciles», de acordo co disposto na Comunicación da Comisión sobre a axuda estatal ás obras cinematográficas e outras producións do sector audiovisual, do 15 de novembro de 2013 (2013/C332/01), así como no artigo 54 do Regulamento 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

Segundo a mencionada normativa europea, corresponde aos Estados membros a identificación de tales obras ao instaurar réximes ou conceder axudas; e permítese que a intensidade máxima do conxunto das axudas que poidan percibir as ditas obras alcance até o 100 % dos custos subvencionables.

A adaptación dos criterios que permiten identificar unha obra como «obra audiovisual difícil» ás circunstancias actuais levouse a cabo tendo en conta de maneira conxunta tanto as axudas como os incentivos fiscais a que pode optar a obra, valorando desde esa perspectiva os supostos en que se considera prioritario paliar as dificultades de financiamento que encontran determinados proxectos para introducirse no mercado e consolidar a súa presenza nel e ofrecendo, deste modo, unha resposta normativa coordinada nos ámbitos tributario e subvencional. E, neste contexto, produciuse a recente modificación do artigo 36.1 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, que regula a dedución por investimentos en producións cinematográficas e series audiovisuais.

A nova regulación inclúe máis supostos protexidos e un aumento da porcentaxe sobre o custo recoñecido das obras audiovisuais que servirá de límite máximo de axuda pública que se vai percibir.

Así pois, á listaxe xa existente, formada polas curtametraxes, as producións de «novos realizadores» e as obras rodadas en linguas cooficiais distintas do castelán, engádense as

obras realizadas exclusivamente por directoras, como forma de paliar as dificultades que encontran estes proxectos para introducirse no mercado e consolidar a súa presenza nel.

Por outro lado, quérese dar resposta ao maior apoio que precisan os proxectos dirixidos por cineastas con discapacidade, de maneira que, segundo se establece na Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade, poidan desenvolver e utilizar o seu potencial creativo, artístico e intelectual, non só no seu propio beneficio senón tamén para o enriquecemento da sociedade.

Así mesmo, pasan a ter esta consideración de «obra audiovisual difícil» aquelas cun especial valor cultural e artístico que necesiten un apoio excepcional de financiamento público, as obras documentais, as obras de animación con baixos orzamentos e as obras audiovisuais realizadas en réxime de coprodución con países iberoamericanos, que contan cunha gran relevancia cultural pero que, en moitas ocasións, teñen escasa presenza nas pantallas.

Ademais das inclusións sinaladas, respecto ao suposto xa existente de producións dirixidas por un «novo realizador», a norma adapta o texto á linguaxe inclusiva en materia de xénero e aumenta o límite máximo do orzamento de produción para considerar a obra difícil, de modo que pasa de 300.000 euros a 1.500.000 euros.

Por último, auméntase o límite máximo de axudas que poden recibir as obras audiovisuais difíciles, que se fixa nas seguintes porcentaxes do custo recoñecido: as curtametraxes pasan do 75 % ao 85 % do dito custo. As obras dos novos e novas realizadoras, cun límite actual do 70 %; as obras en linguas cooficiais, cun límite actual do 60 %; e o novo suposto das obras dirixidas por persoas con discapacidade pasan a alcanzar todas elas o 80 %. Os novos supostos de obras realizadas exclusivamente por directoras, de obras de especial valor cultural, de documentais e de obras de animación poderán alcanzar axudas de até o 75 % do custo recoñecido e, finalmente, as obras realizadas en réxime de coprodución con países iberoamericanos poderán alcanzar axudas de até o 60 % do dito custo.

Este real decreto adecúase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Trátase dunha norma necesaria e eficaz. As medidas relativas ás coproducións internacionais son necesarias en canto que obedecen ás prácticas do mercado internacional neste campo, permitindo así que España entre a coproducir proxectos de potencial e prestixio internacionais en situación de igualdade con respecto a outros países.

As modificacións que afectan a identificación de determinadas obras como «obras audiovisuais difíciles» son necesarias en canto que supoñen a adaptación ao ámbito das axudas á cinematografía do previsto no ámbito tributario para os incentivos fiscais, ao tempo que supoñen o medio necesario e máis adecuado para conformar unha política integral de fomento da igualdade de xénero, así como de apoio ás persoas con discapacidade, e de impulso ás obras que encontran dificultades para introducírense no mercado; todo isto xunto coas melloras que se van efectuando neste mesmo sentido nas bases reguladoras das axudas á produción cinematográfica.

A modificación mediante a cal se establece de maneira sistemática o réxime especial de cualificación por grupos de idade aplicable aos avances das películas cinematográficas é necesaria en canto que supón o desenvolvemento regulamentario previsto ao respecto no artigo 8.3 da Lei 55/2007, do 28 de decembro.

Do mesmo modo, as modificacións relativas ao procedemento sancionador, ademais de supor un aumento da seguridade xurídica da cidadanía, son necesarias en canto que supoñen unha adaptación ás diversas modificacións legislativas producidas e se levan a cabo no exercicio do desenvolvemento regulamentario que exige a Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Trátase, así mesmo, dunha norma proporcional, xa que impón as obrigacións necesarias que exige a normativa tanto estatal como europea sobre o límite máximo conxunto na obtención de subvencións.

Por último, existe unha compensación entre as necesarias cargas administrativas introducidas e a eliminación doutras xa existentes, o que redonda na eficiencia da norma.

Este real decreto consta dun artigo único, unha disposición transitoria única, unha disposición derogatoria única e unha disposición derradeira única.

Na elaboración da presente norma foron consultadas as entidades representativas dos sectores afectados e as comunidades autónomas.

Este real decreto dítase ao abeiro da disposición derradeira cuarta da Lei 55/2007, do 28 de decembro, que habilita o Goberno para ditar as normas regulamentarias que requiran o seu desenvolvemento e aplicación.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Cultura e Deporte, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de decembro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1084/2015, do 4 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.*

O Real decreto 1084/2015, do 4 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O artigo 4 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 4. *Potestades administrativas e relacións por medios electrónicos.*

1. O Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais exercerá as seguintes potestades en relación coas actividades cinematográficas e audiovisuais:

a) Certificar a nacionalidade española das películas cinematográficas e outras obras audiovisuais.

b) Outorgar a cualificación por idades das películas cinematográficas e das outras obras audiovisuais que non estean exceptuadas segundo o establecido no artigo 6.4.

c) Aprobar os proxectos de coprodución internacional das películas cinematográficas e outras obras audiovisuais realizadas neste réxime.

d) Verificar o cumprimento das obrigacións legais e regulamentarias establecidas no desenvolvemento das actividades de produción, distribución e exhibición cinematográfica e audiovisual, así como as derivadas do acceso ás medidas de fomento reguladas no capítulo III.

e) Xestionar o Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais.

2. A relación co Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais das persoas físicas e xurídicas interesadas nos trámites relativos a calquera dos procedementos anteriormente citados deberase realizar obrigatoriamente por medios electrónicos, a través da sede electrónica do Ministerio de Cultura e Deporte, mediante os modelos normalizados dispoñibles nela.»

Dous. O número 4 do artigo 6 queda redactado da seguinte maneira:

«4. Estarán exceptuadas do disposto nos números anteriores, e rexeranse pola súa normativa específica, as películas para televisión e as series de televisión, así como aquelas outras obras audiovisuais creadas para a súa divulgación a través de medios en que a súa regulación específica recolla sistemas de autorregulación, códigos de conduta ou outros mecanismos para o control dos contidos divulgados polos ditos medios, especialmente os anuncios publicitarios sobre películas cinematográficas e outras obras audiovisuais efectuados polos prestadores do servizo de comunicación audiovisual televisiva, regulados na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, que se rexerán polo disposto na dita normativa específica. Non obstante o anterior, cando as ditas obras resulten

beneficiarias dalgunha axuda recollida no capítulo III da Lei 55/2007, do 28 de decembro, serán obxecto de cualificación polo ICAA.»

Tres. O número 1 do artigo 7 queda redactado da seguinte maneira:

«1. A cualificación por idades solicitará a empresa produtora ou distribuidora da película cinematográfica ou outra obra audiovisual mediante solicitude dirixida ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, que se presentará a través da sede electrónica do Ministerio de Cultura e Deporte, segundo o modelo que estará dispoñible na citada sede.

Xuntaráse á solicitude:

- a) Proposta do grupo de idade concreto para o que se solicita a cualificación.
- b) Copia íntegra da obra, en calquera soporte, con idéntico contido ao que vaia ser exhibido en salas ou comercializado noutro ámbito.
- c) Memoria en que se detalle o título orixinal e de comercialización; empresa distribuidora, ou produtora no caso de películas españolas; ano de produción; director ou directora e sinopse argumental da obra, así como a súa duración ou metraje, segundo o soporte de que se trate.
- d) Se a lingua orixinal non é o castelán, texto completo dos diálogos traducido para o castelán.
- e) Cando se trate de obras non españolas, certificado de nacionalidade da obra expedido polo organismo oficial competente do país de produción ou, na súa falta, documento acreditativo desta legalizado no país de produción que conteña, polo menos, os datos especificados no parágrafo c) que poidan ser coñecidos no país de orixe.
- f) Xustificante do aboamento da taxa correspondente.
- g) Para efectos de acreditar a tenza lícita dos dereitos presentárase o contrato de distribución da película, certificación do Rexistro da Propiedade Intelectual en que conste a súa inscrición ou outra documentación que o acredite de maneira que faga fe. Se a lingua orixinal destes documentos non é o castelán estes presentáranse, ademais, traducidos para esta lingua.

O Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais poderá valorar a identificación da obra audiovisual mediante códigos ou rexistros internacionais emitidos por entidades recoñecidas ou, no ámbito nacional, pola certificación emitida por entidades xestoras de dereitos ou asociacións representativas da distribución de obras audiovisuais. »

Catro. O número 3 do artigo 8 queda redactado da seguinte maneira:

«3. De acordo co disposto no artigo 8.3 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, o réxime especial aplicable á cualificación dos avances das películas cinematográficas que se proxecten en salas de exhibición con fins promocionais é o seguinte:

- a) A comunicación ao público da cualificación dos avances das películas levarana a cabo as persoas titulares das salas de exhibición e deberá reflectir, de forma claramente perceptible e diferenciada, cal é a cualificación obtida polo avance e cal a correspondente á película.
- b) Nos casos en que se exhiba o avance dunha película que aínda non foi cualificada, xunto coa cualificación que recibise o avance indicarase: «Película pendente de cualificación».
- c) Poderá omitirse a comunicación ao público da cualificación do avance cando a súa exhibición se realice xunto cunha película cuxa cualificación sexa para unha idade igual ou superior á do avance.»

Cinco. O parágrafo b) do artigo 10.1 queda redactado da seguinte maneira:

«b) Que as realice persoal creativo, segundo a definición do artigo 4.j) da Lei 55/2007, do 28 de decembro, e o resto de persoal técnico, que posúan a nacionalidade dalgún dos países a que pertencen as empresas coprodutoras. Non obstante, permítese que até un 15 % do citado persoal sexa de nacionalidade dun país non pertencente á Unión Europea ou non pertencente aos países coprodutores.»

Seis. O número 2 do artigo 10 queda redactado da seguinte maneira:

«2. As solicitudes de aprobación dunha coprodución internacional que se dirixan ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais presentaranse a través da sede electrónica do Ministerio de Cultura e Deporte, segundo o modelo que estará dispoñible na citada sede.

Xuntarase á solicitude:

a) Documento acreditativo da cesión do autor ou autores do guión ou, se for o caso, da opción ou cesión da obra preexistente, e certificación acreditativa da inscrición do guión no Rexistro da Propiedade Intelectual.

b) Guión da película cinematográfica ou da outra obra audiovisual e plan de rodaxe.

c) Orzamento económico do proxecto, segundo modelo oficial, indicando as partidas e conceptos que corresponden a cada país participante na coprodución.

d) Relación nominal do persoal creativo segundo a definición do artigo 4.j) da Lei 55/2007, do 28 de decembro, e resto de persoal técnico, con expresión da súa nacionalidade.

e) Contrato de coprodución en que se especificarán os pactos das partes relativos aos diferentes aspectos que se regulan neste real decreto, con indicación precisa da participación de cada empresa coprodutora, as achegas de persoal creativo, segundo a definición do artigo 4.j) da Lei 55/2007, do 28 de decembro, e do resto de persoal técnico, as transferencias en diñeiro de cada empresa coprodutora e a repartición de mercados e beneficios. Cando o contrato de coprodución estea redactado en lingua distinta ao castelán, presentarse, ademais, unha tradución deste para esta lingua.»

Sete. Engádesse un novo número 4 ao artigo 10, que queda redactado da seguinte maneira:

«4. A aprobación das coproducións financeiras poderase solicitar coa rodaxe iniciada ou finalizada, pero sempre antes da solicitude da cualificación e nacionalidade da obra. Será necesario, ademais, que sexa admitida a aprobación nestes mesmos termos polo país ou países coprodutores.»

Oito. O número 2 do artigo 11 queda redactado da seguinte maneira:

«2. Cada parte na coprodución deberá facerse cargo, como norma xeral, dos gastos correspondentes ao persoal creativo, segundo a definición do artigo 4 j) da Lei 55/2007, do 28 de decembro, e ao resto de persoal técnico da súa propia nacionalidade, e non se recoñecerán como achegas da parte española, para efectos de recoñecemento de custo, as partidas e conceptos que no proxecto figuren a cargo doutro país coprodutor.

Para efectos das axudas públicas que puider xerar no seu día a película cinematográfica ou outra obra audiovisual, poderá integrar o custo asumido pola empresa coprodutora española ou empresa non española nacional de Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo con sucursal en España, a participación de persoal creativo que fose admitida como excepción segundo o disposto no artigo 10.1.b) sempre que se trate de persoal pertencente a

países da Unión Europea. Non se recoñecerán como parte do custo español os gastos derivados de persoal pertencente a países extracomunitarios, salvo que o dito persoal posúa tarxeta ou autorización de residencia en vigor en España.»

Nove. O parágrafo a) do artigo 12.1 queda redactado da seguinte maneira:

«a) Que o proxecto estea en condicións de ser considerado nacional do país cuxa coprodución sexa maioritaria.»

Dez. O número 4 do artigo 15 queda redactado da seguinte maneira:

«4. O inicio da actividade de exhibición poderá producirse desde o mesmo día da presentación da comunicación previa, sen prexuízo do establecido no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.»

Once. O artigo 16 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 16. *Información para o público.*

1. As persoas titulares das salas de exhibición deberán expor a seguinte información, no lugar dos despachos de billetes onde resulte claramente perceptible para o público, así como de maneira accesible para as persoas con discapacidade:

a) A cualificación por grupos de idade das películas cinematográficas e dos avances que formen parte do programa, segundo se establece no artigo 8.3. Esta cualificación deberá ser comunicada ás salas de exhibición polas empresas distribuidoras das películas programadas.

b) O prezo das localidades.

c) A prohibición da gravación das películas, así como, se for o caso, da introdución de cámaras ou calquera tipo de instrumento destinado a gravar imaxe ou son, establecida no artigo 15.3 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, que poderá incluírse xunto co resto das condicións para o exercicio do dereito de admisión ás salas.

d) Os servizos de accesibilidade dispoñibles, tanto nas películas como nas salas, así como o medio de acceso a eles, indicando as datas, horarios e salas dos pases con accesibilidade.

2. Deberanse emitir e facilitar ao público, previamente á súa entrada nas salas de exhibición, os correspondentes títulos de acceso en soporte material ou inmaterial. Sempre que se desfrute dun título que habilite a non aboar o importe íntegro da localidade, deberá trocarse por un título de acceso, ao cal se lle debe asignar un contravalor.

3. Os títulos de acceso ás salas de exhibición cinematográfica deberán conter, como mínimo, os seguintes datos:

a) Denominación da empresa ou da persoa titular da sala de exhibición e número de identificación fiscal.

b) Nome da sala e enderezo postal.

c) Clase de localidade a que dá dereito.

d) Identificador alfanumérico que impida duplicidades dentro dunha sesión.

e) Título da película.

f) Prezo, co IVE, ou imposto específico dunha comunidade autónoma, incluído.

O prezo unicamente irá referido aos conceptos necesarios que dean dereito a acceder á sala e a ver a película no formato elixido, excluído o importe que poida corresponder á venda doutros produtos ou á prestación doutros servizos.

g) Data e hora da sesión para a que o título é válido.

4. Os títulos de acceso poderán ser individuais ou estar agrupados, de tal maneira que unha transacción corresponda a varios títulos de acceso baixo un

único código de lectura electrónica para o control de acceso á sala. En ambos os casos, deberá figurar toda a información referida no número 3 e quedar rexistrados para o control da sala polo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.

5. Para estes efectos, o arquivo ou arquivos electrónicos en que conste o rexistro individualizado dos títulos de acceso tanto materiais como inmateriais deberán poder pórse á disposición do Instituto nas súas actividades de verificación e control, mesmo as que se realicen mediante visita ás salas, e deberán conservarse de maneira electrónica durante catro anos.»

Doce. O número 2 do artigo 17 queda redactado da seguinte maneira:

«2. Os informes de exhibición presentaranse ao Instituto por medios electrónicos coa concorrencia de programas informáticos previamente homologados polo Instituto para tal fin, de acordo cos requisitos e funcionalidades técnicas que se especifiquen mediante orde ministerial, en que se establecerán os requisitos, información e datos que deberán incorporar os ditos informes.»

Trece. O parágrafo d) do artigo 18.1 queda redactado da seguinte maneira:

«d) Garantir a accesibilidade á sala de exhibición das persoas con discapacidade, así como comunicar os servizos de accesibilidade dispoñibles.»

Catorce. O artigo 19 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 19. *Festivais e filмотecas.*

As actividades de exhibición cinematográfica organizadas por festivais e por filмотecas oficialmente recoñecidas por algunha Administración pública rexeranse polas súas normas específicas que, en calquera caso, deberán asegurar o acceso e participación das persoas con discapacidade en condicións de igualdade e non discriminación. Así mesmo, a normativa específica das filмотecas recollerá expresamente o respecto dos dereitos de explotación e outros dereitos comerciais concorrentes das obras, así como o resto de principios establecidos no Código de ética da Federación Internacional de Arquivos Fílmicos.»

Quince. O número 2 do artigo 20 queda redactado da seguinte maneira:

«2. O réxime de axudas estatais de xestión centralizada previsto no citado capítulo rexerase, ademais de polo disposto neste real decreto e nas súas correspondentes bases reguladoras, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; polo Regulamento da dita lei, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, e pola normativa europea aplicable na materia.»

Dezaseis. Modifícase o número 2 e engádense dous números 3 e 4 ao artigo 21, que quedan redactados da seguinte maneira:

«2. De acordo coas disposicións da Unión Europea nesta materia, exceptúanse da aplicación destes límites as producións que teñan a consideración de obra audiovisual difícil. Terán a consideración de obra audiovisual difícil:

a) As curtametraxes, que poderán recibir axudas públicas de até o 85 % do custo recoñecido.

b) As obras audiovisuais dirixidas por unha persoa que non dirixise ou codirixise máis de dúas longametraxes cualificadas para a súa explotación comercial en salas de exhibición cinematográfica cuxo orzamento de produción non supere 1.500.000 euros, que poderán recibir axudas públicas de até o 80 % do custo recoñecido.

c) As obras audiovisuais rodadas integramente nalgunha das linguas cooficiais distintas do castelán que se proxecten en España no dito idioma cooficial ou subtituladas, que poderán recibir axudas públicas de até o 80 % do custo recoñecido.

d) As obras audiovisuais realizadas exclusivamente por directores ou directoras cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % recoñecido polo órgano competente, que poderán recibir axudas públicas de até o 80 % do custo recoñecido.

e) As obras audiovisuais realizadas exclusivamente por directoras, que poderán recibir axudas públicas de até o 75 % do custo recoñecido.

f) As obras audiovisuais cun especial valor cultural e artístico que necesiten un apoio excepcional de financiamento segundo os criterios que se establezan mediante orde ministerial ou nas correspondentes convocatorias de axudas, que poderán recibir axudas públicas de até o 75 % do custo recoñecido.

g) Os documentais, que poderán recibir axudas públicas de até o 75 % do custo recoñecido.

h) As obras de animación, cuxo orzamento de produción non supere 2.500.000 euros, que poderán recibir axudas públicas de até o 75 % do custo recoñecido.

i) As obras audiovisuais realizadas en réxime de coprodución con países iberoamericanos, que poderán recibir axudas públicas de até o 60 % do custo recoñecido á parte española.

3. Á hora de determinar se se respecta a intensidade máxima de axuda haberá que ter en conta o importe total das medidas de axuda pública á actividade ou proxecto subvencionados, independentemente de se a subvención se financia con fondos locais, rexionais, nacionais ou da Unión Europea. Para estes efectos, atenderase aos fondos xestionados directamente pola Unión Europea que teñan a consideración de axudas, así como aos incentivos fiscais que as empresas produtoras puidesen obter. Non obstante, os fondos outorgados directamente polos programas da Unión Europea sen a participación dos Estados membros na decisión de subvención non son recursos estatais, polo que as axudas concedidas na súa virtude non se teñen en conta á hora de analizar se se respectan os límites de subvención.

4. En ningún caso o montante total das axudas, ingresos, recursos e subvencións que se perciban, directas ou indirectas e calquera que sexa a súa orixe, pode superar o custo da actividade subvencionada.»

Dezasete. O parágrafo c) do artigo 32.2 queda redactado da seguinte maneira:

«c) Vogalías: dez persoas nomeadas pola Presidencia que, pertencentes a distintos grupos sociais que reflectan a pluralidade da sociedade española, estean vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual, ao do consumo, ao pedagóxico, á protección da infancia e da adolescencia, á igualdade de xénero, á atención á discapacidade, así como á defensa do ambiente; e reúnan as debidas condicións de aptitude e idoneidade para esta función. Para a súa designación poderán solicitarse propostas ás distintas entidades representativas dos citados ámbitos.»

Dezaioito. O número 1 do artigo 34 queda redactado da seguinte maneira:

«1. Os órganos asesores previstos nos artigos anteriores rexeranse polo previsto no capítulo II, sección 3.^a, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Na súa composición velarase polo cumprimento do principio de presenza equilibrada de mulleres e homes, de acordo co establecido no artigo 54 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.»

Dezanove. O artigo 36 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 36. *Procedemento sancionador.*

1. O procedemento sancionador axustarase, no que sexa competencia dos órganos da Administración xeral do Estado, aos principios xerais da potestade sancionadora establecidos no capítulo III do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, así como ao procedemento administrativo común e ás súas especialidades respecto ao procedemento sancionador establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. O procedemento sancionador iniciarase de oficio por acordo de iniciación do órgano competente, segundo os termos establecidos nos artigos 63 e 64 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Será competente para ordenar a iniciación do procedemento a Dirección Xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais e para a instrución a Secretaría Xeral. A resolución dos procedementos sancionadores por infraccións moi graves corresponde á Presidencia do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais e a dos procedementos correspondentes a infraccións graves e leves á súa dirección xeral.

4. No caso de procedementos por infraccións en materia de subvencións, as sancións serán acordadas e impostas pola persoa titular do Ministerio de Cultura e Deporte ou, se for o caso, pola persoa titular do Ministerio de Facenda, de acordo co establecido no artigo 66 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

5. Cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará sobre o importe da sanción proposta as seguintes reducións, segundo proceda, que serán acumulables entre si:

a) Redución do 35 % se a persoa infractora recoñece a súa responsabilidade.

b) Redución do 35 % se realiza o pagamento voluntario en calquera momento anterior á resolución.

As reducións deberán estar determinadas na notificación de iniciación do procedemento e a súa efectividade estará condicionada á desistencia ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.

6. O prazo total para resolver e notificar o procedemento sancionador será de seis meses contados desde a adopción do acordo de iniciación. Nos supostos en que o procedemento se paralizase por causa imputable á persoa interesada, interromperase o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.

7. Se non se dita e notifica a resolución transcorridos seis meses desde a iniciación, tendo en conta as posibles interrupcións ou suspensións do procedemento, declararase a súa caducidade de acordo co establecido no artigo 25.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

8. A resolución do procedemento, que pon fin á vía administrativa, indicará os recursos que procedan contra ela e os prazos para a súa interposición.»

Disposición transitoria única. *Eficacia temporal do réxime sobre obra audiovisual difícil.*

A consideración de obra audiovisual difícil establecida no número doce do artigo único resultará de aplicación a todas as obras que solicitasen o recoñecemento do custo da película desde o 7 de maio de 2020, tras a entrada en vigor do Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

En particular, derróganse o artigo 4.b) e o anexo II da Orde CUL/1772/2011, do 21 de xuño, pola que se establecen os procedementos para o cómputo de espectadores das películas cinematográficas, así como as obrigacións, requisitos e funcionalidades técnicas dos programas informáticos para efectos do control de asistencia e rendemento das obras cinematográficas nas salas de exhibición.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o número nove do artigo único, que entrará en vigor o día 1 de xullo de 2021.

Dado en Madrid o 9 de decembro de 2020.

FELIPE R.

O ministro de Cultura e Deporte,
JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ URIBES